

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (12/2024)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás once horas do día nove de outubro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día e hora Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 18 de setembro de 2024
- 2.- Aprobación da Conta Xeral do 2023
- 3.- Adhesión á declaración institucional da FEMP: "15 de Outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se detectou un erro nesta acta, consistente en que no punto 5º da orde do día, onde di: "Modificación do punto 12...", debe dicir: "Modificación do punto número 13...", polo que propón aprobala condicionada a que se corrixa ese erro. Como está acordado, a dita acta publicouse, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención e non se produce ningunha. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación coa corrección indicada todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 18 de setembro de 2024 queda aprobada por unanimidade coa corrección indicada.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2023

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se queren que lea todo o informe, sen que se produzan intervencións. Xa que logo, resume que se refire ao resultado do orzamento do ano pasado da liquidación, que axustado é de 174.686,80€, e o remanente da tesourería para gastos xerais de 397.389,24€, que son as cifras máis destacables do resultado orzamentario do exercicio pasado.

A proposta da Alcaldía sobre este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico, foi remitida xunto coa convocatoria da sesión a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Logo de ver o certificado da exposición pública da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, e do seu resultado, que acredita que dito trámite tivo lugar e que non foi presentada ningunha reclamación, e os demais documentos, datos e antecedentes que obran no expediente tramitado para a súa aprobación; de acordo co ditame favorable da Comisión Especial de Contas do día 28 de agosto último, acadado co voto favorable dos tres concelleiros do Equipo de Goberno e sen que votaran a Concelleira e Concelleiros do PP nin o Concelleiro do BNG asistentes o día da sesión, propóñolle ao pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

APROBAR A CONTA XERAL DESTE CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023, NOS TERMOS E CIFRAS EN QUE ESTÁ REDACTADA, E SEGUNDO O QUE SEGUE:

A) **BALANCE:** presenta a posición do patrimonio referida ao peche do exercicio, estrutúrase a través de dúas masas, activo (bens, dereitos e gastos que se distribúen en varios exercicios) e pasivo (obrigas e fondos propios), desenvolvidas cada unha delas en agrupacións que representan elementos patrimoniais homoxéneos.

O resultado total (activo e pasivo) é de: 15.877.060,20€.

B) **CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:** presenta o aforro positivo ou negativo referido a un exercicio, obtido pola comparación de dúas correntes, positiva e negativa, desenvolvida cada unha delas en función da natureza económica da operación.

O resultado dá un aforro no exercicio de - 808.692,15€.

C) **ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:** presenta, coa debida separación e complementadas cos pertinentes estados das distintas clasificacións e resúmenes parciais e xerais, as seguintes partes:

Liquidación do orzamento de gastos

O seu resumo presenta o total dos créditos orzamentarios, distinguindo entre créditos iniciais (2.640.000,00€), modificacións de crédito (2.645.133,63€) e créditos definitivos (5.285.133,63€); o total dos gastos comprometidos (4.441.713,71), das obrigas recoñecidas netas (3.540.846,60€), dos pagamentos realizados (3.506.319,78€), da obrigas recoñecidas no exercicio e pendentes de pagamento ao finalizar este 34.526,82€) e dos remanentes de crédito (1.744.287,03€)

SEGUNDA PARTE

Liquidación do estado de ingresos

O seu resumo presenta o importe total das previsións, que se distinguen entre: prev. iniciais (2.640.000,00€), modificacións 2.645.133,63€) e prev. definitivas (5.285.133,63€); o total dos dereitos recoñecidos (2.892.684,24€), dos anulados, (42.299,59€), dos cancelados (0€), dos dereitos recoñecidos netos (2.850.384,65€), da recadación neta (2.846.986,11€) e dos dereitos recoñecidos no exercicio pendentes de cobro ao rematar este (3.398,54€); e a comparación entre os dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas (-2.434.748,98€).

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

TERCEIRA PARTE

Resultado orzamentario

Presenta esta magnitude e a súa modalidade axustada, de acordo co seguinte:

Resultado orzamentario liquidación 2023	
1. Dereitos recoñecidos netos	2.850.384,65
2. Obrigas recoñecidas netas	3.540.846,60
Resultado orzamentario (1-2)	-690.461,95
3. Créditos gastados financiados con RTGX	659.943,44
4. Desviacións positivas (restan)	166.795,23
5. Desviacións negativas (suman)	372.000,34
Resultado orzamentario axustado (1 - 2 + 3 - 4 + 5)	174.686,80

D) MEMORIA: está estruturada en 22 apartados e completa, amplía e comenta a información contida no *balance*, a *conta do resultado económico-patrimonial* e o *estado de liquidación do orzamento*, coas características e contido que se establecen na Instrución do modelo normal de contabilidade local. Desta memoria destácase o seguinte:

Remanente de tesourería liquidación 2023			
1	Fondos líquidos na tesourería na fin do exercicio		481.540,08
2	Dereitos pendentes de cobro na fin do exercicio		9.575,10
	Do orzamento corrente	3.398,54	
	Dos orzamentos pechados	4.395,79	
	Das operacións non orzamentarias	1.780,77	
3	Obrigas pendentes de pagamento na fin do exercicio		71.742,69

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

		Do orzamento corrente	34.526,82	
		Dos orzamentos pechados	500,00	
		Das operacións non orzamentarias	36.715,87	
4		Partidas pendentes de aplicación		524,95
		Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva (-)	9.716,03	
		Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva (+)	10.240,98	
I		Remanente da tesourería total		419.897,44
II		Saldos de dubidoso cobro		2.579,43
III		Exceso de financiamento afectado		19.928,77
IV		Remanente da tesourería para gastos xerais		397.389,24

O Alcalde en funcións

Documento asinado dixitalmente”

Deseguido, o Sr. alcalde en funcións pregunta se hai intervencións.

Intervén a Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que neste punto o Grupo Popular vaise abster porque se ben os números son os que son, non están de acordo na forma de xestionar o diñeiro público no Concello. Que ven que a conta presenta infinidade de reparos por parte de Intervención o que explica perfectamente que o goberno do Concello esta gastando diñeiro sen ton nin son, que vai sobre da marcha, que a planificación non é o do goberno do Concello, e entón que ven que lonxe de buscar o ben común no 2023 pensaron moito máis en sacar rédito político a ese ano e non en mellorar os servizos da veciñanza, que ven que Monfero segue ancorado no máis absoluto abandono, que tal como ven, as numerosas modificacións de crédito responden ás políticas de improvisación que ten o goberno local, que ven que Monfero non tivo ningunha mellora no ano 2023 e que por todo iso se van abster.

Pola súa banda, o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, manifesta que máis ou menos queda resumida tamén a súa posición niso.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións somete a proposta a votación. O resultado é de 3 votos a favor (PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións (PP e BNG).

Xa que logo a Conta Xeral de 2023 queda aprobada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

3.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP: “15 DE OUTUBRO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES RURAIS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se a teñen todos, se queren que a lea. Algunhas das persoas asistentes expresan que non é necesario.

A Declaración institucional da FEMP á que se refire este punto da orde do foi remitida xunto coa convocatoria desta sesión a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



DIRECCIÓN GENERAL DE IGUALDAD Y POLÍTICAS LOCALES

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: 15 DE OCTUBRE, DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES RURALES

DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES RURALES – 15 DE OCTUBRE

El Día 15 de octubre ha sido elegido por Naciones Unidas para reconocer y valorar la incansable labor en el plano Internacional de las mujeres en el ámbito rural. La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) reafirma por ello su compromiso con la promoción de la igualdad y el reconocimiento a la dedicación y trabajo realizado por las mujeres rurales. Empoderar a las mujeres rurales es un ingrediente fundamental en la lucha por la igualdad. A pesar de los avances, continúan vigente los roles y estereotipos de género que relegan además a las mujeres rurales al ámbito doméstico y familiar.

Las mujeres rurales representan una cuarta parte de la población mundial, trabajan como agricultoras, asalariadas y empresarias. Labran la tierra y plantan las semillas que alimentan naciones enteras y son pilar fundamental en la gestión de nuestros recursos naturales, fortaleciendo la economía de nuestras comunidades y preservando el medio ambiente. Han sido y son esenciales para la supervivencia, prosperidad y fijación de la población en el ámbito rural, siendo estratégicas en la implantación de iniciativas innovadoras en distintos sectores económicos y especialmente, en la agricultura sostenible, vital para las economías locales. Además, garantizan la seguridad alimentaria de sus poblaciones y ayudan a preparar a sus comunidades frente al cambio climático.

Sin embargo, pese a su rol crucial, todavía son mayoría las mujeres rurales que se enfrentan a importantes desafíos en términos de acceso a servicios esenciales, educación, atención sanitaria y oportunidades económicas, afrontando diariamente problemas como el acceso limitado a recursos, situaciones de discriminación de género y una mayor carga de trabajo no remunerado. La falta de representación adecuada en los espacios de toma de decisiones sigue siendo una barrera estructural significativa que limita su potencial.

Mundialmente, con pocas excepciones, todos los indicadores de género y desarrollo muestran que las mujeres rurales se encuentran en peores condiciones que los hombres del campo y que las mujeres urbanas.

Por todo ello, desde los Gobiernos Locales nos comprometemos a desarrollar las siguientes líneas de actuación:

FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

FEMP

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

2HnviKH0DMveEumw6LO
cable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: xqZobZrPw7B9/Eo+41/1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICAS LOCALES

1. Promover políticas que faciliten el acceso en igualdad a recursos y servicios para las mujeres rurales, asegurando su participación en pie de igualdad en la vida económica.
2. Estimular el equilibrio en los usos del tiempo entre las mujeres y hombres: son las mujeres rurales quienes más tiempo dedican a las tareas de cuidados familiares y domésticos.
3. Realizar iniciativas de emprendimiento y apoyar las que fomenten la educación y formación profesional de las mujeres en el ámbito rural, garantizando que puedan liderar y beneficiarse de innovaciones en la agricultura y otros sectores rurales
4. Debiéndose garantizar desde la Administración Pública los servicios de atención sanitaria, educación y protección contra la violencia de género, desde los Gobiernos Locales nos comprometemos a colaborar con organizaciones no gubernamentales y el sector privado, para dar voz a las necesidades específicas de las mujeres rurales en estos servicios.
5. Promocionar programas de capacitación que permitan el acceso a las nuevas tecnologías, así como, facilitar las herramientas y el apoyo a la información y la formación que facilite la participación en el mundo digital de las mujeres en el mundo rural.

Queremos animar a los Gobiernos Locales y a todas las partes interesadas a unirse en este compromiso, reconociendo que el empoderamiento de la mujer en el ámbito rural no solo es una cuestión de justicia social y equidad, sino un requisito indispensable para el desarrollo sostenible. Solo juntos podemos asegurar que las voces de las mujeres rurales sean escuchadas y que sus derechos sean plenamente reconocidos y respetados.

La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), respalda el liderazgo y la participación de las mujeres rurales a la hora de diseñar leyes, estrategias, políticas y programas en todos los temas que afectan sus vidas.

En este día especial, la FEMP quiere reconocer el papel desempeñado por las mujeres rurales en nuestra sociedad. Su fortaleza, determinación y trabajo continúan alimentando, cultivando y enriqueciendo nuestras comunidades. Nos comprometemos a apoyarlas hoy y siempre.

L0
Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións somete a votación a adhesión do Concello de Monfero á Declaración institucional da FEMP: “15 de Outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais, co resultado de que é aprobada co voto favorable de todos os asistentes e o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada por unanimidade.

Non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás once horas e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor